

VIERNES, 26 de septiembre de 2008

REPORTAJE: LUCES

'Maldito' Paco Taxes

Edítase por fin a obra dramática do autor d'O *velorio*, figura clave para entender a evolución do teatro galego

ÓSCAR IGLESIAS | 26 SEP 2008

Archivado en:

Sociedad

"A el nunca lle gustou competir, e menos con regras de xogo dubidosas, de aí que fale baixo a aos poucos. Se se perde, malo, e se se gaña, peor". Díxoo Roberto Vidal Bolaño no Pub Dublín en 1999, na festa de cumpreanos do seu amigo Francisco Taxes. En 2003, o Centro Dramático celebraba o cuarto de século do teatro profesional con *Daquel abrente*, montaxe conxunta d'O *velorio* e de *Laudamuco, señor de ningures*, de Vidal Bolaño, fitos daquela Mostra de Ribadavia de 1978.

A homenaxe institucional chegou tarde. Vidal Bolaño morría cos ensaios comezados, e Taxes, que aínda pagaba unha mala caída nunha noite de farra, era enterrado na aldea paterna de Cereixo (Vimianzo). A recente publicación de *Obra dramática. Francisco Taxes* (Xerais), na edición do seu fillo Xurxo, permite recuperar a figura do dramaturgo e, ao tempo, a vixencia dos debates que trizaron o camiño do teatro independente á profesionalización.

O volume de Galaxia inclúe *O velorio* (escrita en 1971 e imprentada en 2002, na Biblioteca 120 de *La Voz*), *Lenta raigame* (1979), *Casta i Albitio* (1980), *Caderno de bitácora* (1985) e a confesional *Elas*, de 1997, as tres últimas inéditas. As razóns desta escaseza están "non só no seu carácter, senón tamén na debilidade do sistema teatral", sintetiza Xurxo Taxes.

Na boca do dramaturgo: "Isto de saber que vas escribir unha obra e que vas tardar dous anos en estreala non te apura moito". Esta dislocación entre escrita, edición e montaxe entretéciase nos 70 coa discusión, na *assemblea* de Ribadavia, acerca do que debía ser o teatro galego. "A célebre petición de Blanco Amor, aquilo de 'teatro atrasado para un pobo atrasado', entendeuse mal no momento", di o investigador Carlos Biscaíño. "No propio teatro de Blanco Amor, coma no de Taxes, mesturábase a vangarda co popular". Agás na traxedia *Lenta raigame*, onde se escenifica a historia das Encrobas, o humor -con Valle e Fo de referencia escénica- é a mellor arma de denuncia social. *O velorio*, pequena farsa sobre as cerimonias da morte en Galicia, vírona máis de 15.000 persoas en dous anos. "A intención era que a entendesen os que non foron nunca ao teatro", dicía o autor.

Para Eduardo Alonso, que dirixiu *Lenta raigame*, "o teatro de Paco non foi ben recibido porque a algunha xente lle parecía demasiado vulgar para ser literatura dramática. Crítica non había". "En que compañías montaron Bolaño, Lourenzo e Ruibal os seus propios textos?", pregúntase Raúl Dans, que explica así o longo silencio de Taxes como autor teatral sen compañía.

Na única que tivo, Troula, estaba tamén o cineasta Antonio Simón, que dirixiu as primeiras representacións d'O *velorio* e compartiu co dramaturgo as primeiras experiencias do *cinema galego*. "Paco era unha especie de ácrata nacionalista", di Simón con agarimo. "De familia importante da Coruña, digno e preguiceiro. Nunca pediu nada". O escritor "maldito nunha cultura tanto tempo maldita", segundo lle dicía Manuel Rivas no 78, aínda botaba as contas da Transición. Pouco antes do tripartito de Laxe, en 1987, quedaba a gusto no *Faro de Vigo*: "A

Galicia chegaralle o socialismo cando *tododio-lo* deixe, alí polo cuarto estadio. Estamos condeados á soidade. O demais é mentira: Paco Vázquez non é socialista". Dez anos despois escribiu *Elas*: "Unha peza que racha co sistema teatral establecido, absurda, despiadada, feminista e que non hai deus que a entenda, salvo eu, naturalmente. Deus salve a El Rei". A queixa dun autor ,di Xurxo Taxes, "que se vía minusvalorado e esquecido".